

## Información



XUNTA DE GALICIA

### Liga de debate da economía social

Trátase dunha actividade competitiva-formativa para estudantes maiores de idade, que ten como base fundamental o fomento da cooperación, da investigación e da eficiente argumentación de posturas a defender sobre liñas temáticas relacionadas coa economía social.

Data: **15 e 16/03/2019**

Lugar: Santiago de Compostela

Accede ao formulario de [inscrición](#)

Contacta: **610174389** ou

**eusumo.emprego@xunta.gal**

[Ver máis](#)



Máis info:  
www.eusumo.gal



XUNTA  
DE GALICIA

### 12 motivos polos que apostar pola economía social en 2019

Coñece as razóns polas que as persoas emprendedoras apostan pola economía social. Un modelo que ten moitas vantaxes tanto a nivel empresarial como social antepoñendo as persoas ao capital.

Así lanzamos a campaña 12 motivos, un por cada mes do ano, para apostar pola economía social.

[Ver máis](#)



### Entrevista a Ana Olveira, investigadora na USC e cooperativista en Abeluria

*“A Rede axudou a que a economía social mantivese unhas boas cifras nos peores momentos da crise”.*

Ana Olveira participa en diversos encontros cooperativos falando da confluencia entre a economía social e o ámbito académico, ademais de estar traballando na súa tese “A cooperativa: emprendemento en feminino” na Universidade de Santiago de Compostela e colaborar coa cooperativa Abeluria.

[Ver máis](#)

## Actividades

### Habilidades sociais para **Xestión do conflito**

Edición en SADA

4, 6, 7 e 11 de  
marzo 2019



### Obradoiro: Habilidades sociais para a xestión do conflito

O obradoiro ten como obxectivo achegar habilidades sociais aos participantes para xestionar os conflitos que xorden na nosa vida comezando por definir que é o conflito, cales son as súas fontes, os estilos de resolucións e as pautas para a xestión das situacións conflitivas.

Data: **4, 6, 7 e 11/03/2019**

Horario: **09:30-14:30h.**

Lugar: **Salón de Plenos do Concello de Sada**

Inscricións: a través do [formulario](#) ou no  
881929057 / aedl@concellodesada.com

[Ver máis](#)



## Ferramentas de financiamento ético e alternativo

### Teleformación: Ferramentas de financiamento ético e alternativo

Esta actividade formativa ten como obxectivo adentrar ao alumnado no campo das finanzas éticas ao servizo das persoas e da economía produtiva dando a coñecer os principais instrumentos de financiamento, así como achegando experiencias neste campo en Galicia, no Estado e no mundo.

Data: **12/03/19 - 03/04/2019**

Modalidade: **online**

Duración: 40h.

Inscripcións: a través do seguinte [formulario](#)

[Ver máis](#)



## CURSO: Xestión de **COOPERATIVAS** de traballo

### Teleformación: Xestión de cooperativas de traballo asociado

Impartindo esta actividade formativa achegarase ós destinatarios os conceptos necesarios en materia de administración e financiación de cooperativas, así como o seu réxime económico e fiscal, as xestións laborais e as tecnoloxías das Administracións.

Data: **12/03/19 - 03/04/2019**

Modalidade: **online**

Duración: 40h.

Inscripcións: a través do seguinte [formulario](#)

[Ver máis](#)

## Rede Eusumo

Contacte en: [comunicacion@eusumo.gal](mailto:comunicacion@eusumo.gal) ou 610 17 43 89

Máis información en:



[www.eusumo.gal](http://www.eusumo.gal)



**XUNTA  
DE GALICIA**